



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

Ao efecto do artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

ANUNCIO/CONSULTA:

“ORDENANZA FISCAL: REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN SE SERVIZOS TÉCNICOS EN OBRAS MUNICIPAIS

Artigo 1.-Fundamento legal.

Ao abeiro das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a taxa polos servizos facultativos que se presten en obras municipais, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, segundo o establecido no artigo 57 do citado real decreto lexislativo.

Artigo 2.-Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación polo Concello, a través dos seus servizos técnicos propios ou contratados, da elaboración de proxectos, dirección, inspección, coordinación e prevención de obras contratadas ou adxudicadas polo Concello.

Artigo 3.-Suxeito pasivo.

Serán suxeitos pasivos da taxa que se regula nesta ordenanza, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades as que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro xeral tributaria, que resulten adxudicatarias das obras ou afectadas pola actividade administrativa que constitúe o obxecto desta taxa, cando sexan legalmente esixibles á dirección de obra ou/e aos servizos de coordinación e saúde.

Artigo 4.-Exencións, reducións e bonificacións.

Non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais que os expresamente previstos nas normas con rango de lei ou os derivados da aplicación de tratados internacionais, segundo o disposto no artigo 9 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Artigo 5.-Contía.

A contía da taxa regulada por esta ordenanza será a seguinte:

- Por honorarios de coordinación e saúde: 1% do orzamento de execución por contrata*
- Honorarios de dirección de obras: 4% do orzamento de execución por contrata.*

O Orzamento de execución por contrata está composto polo presuposto de execución material, mais os gastos xerais e o beneficio industrial, que serven de base a licitación das obras

Artigo 6.-Devengo.

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito imponible.

Artigo 7.-Xestión, liquidación e recadación.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

1.-A liquidación practicarase en cada certificación expedida polos Servizos Técnicos Municipais e, de ser por medios alleos, coa súa conformidade. As liquidacións da taxa aprobaranse xunto coa certificación polo órgano competente.

2.-Ao proceder ao pagamento da certificación poderá practicarase retención sobre a parte que corresponda á taxa, ou ben liquidar a mesma ao contribuínte que deberá ingresar a mesma nas arcas municipais con aplicación o concepto orzamentario correspondente.

Artigo 8.-Infraccións e sancións.

Aplicarase o réxime de infraccións e sancións reguladas na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

Disposición final

1.- A presente ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e continuará vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

2.- Habíltase á Alcaldía para ditar as disposicións ou instrucións que resulten necesarias para a interpretación, desenvolvemento e aplicación desta ordenanza."

Boimorto, a data da sinatura dixital.

A Alcaldía,

Asdo.- María Jesús Novo Gómez